

MESA SECTORIAL DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 18 DE MAIO DE 2021.

Apróbanse a acta da sesión referida unha vez feitas as alegacións correspondentes polas Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS DE DIRECCIÓN DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS E ASESORÍAS DO CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN E DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS.

En primeiro lugar, desde ANPE Galicia queremos preguntar sobre cando se prevé a resolución deste concurso e se vai a posibilitar que as prazas que se cubran poidan xerar á súa vez vacantes para a súa provisión a través do CADP e non se teñan que cubrir unha vez comezado o curso escolar por profesorado substituto.

ANPE considera que debería haber máis dotación de persoal. Se finalmente o CAFI vai a facer tarefas de acreditación para empresas privadas (punto co que ANPE xa manifestou o seu total desacordo) polo menos deberían ter persoal suficientes.

ANPE denuncia que non se nos convoque para as reunións da comisión de selección e soamente se nos convoca para dar os resultados finais.

Desde ANPE demandamos que se coñeza a situación real de cada un dos servizos con anterioridade ao paso das Ordes pola Mesa Sectorial para poder facer un estudo pormenorizado das vacantes ofertadas. **Así mesmo solicitamos que se faga unha revisión en profundidade das prazas ofertadas nas asesorías dos diferentes CFR xa que nos trasladan que se están ofrecendo certas vacantes (en concreto as de asesorías de Formación Profesional) que actualmente están ocupadas por docentes que non levan os 6 anos establecidos como máximo nin consta que foran avaliados negativamente. Se isto é así estaríamos entrando nunha inseguridade xurídica da Orde a tratar. A Administración resposta que se fixo análise e valoración dos distintos CFR, e que considera que poden ter cabida aspirantes que cumpran mellor cos perfís das prazas. Admiten un erro de comunicación por parte dos CFR coas persoas afectadas ás que non se lles comunicou a avaliación non positiva e a intención de ofertar a praza. ANPE pregunta, ante esta resposta, quen fixo dita avaliación. A Administración resposta que a propia Secretario Xeral, xunto cos xefes de servizo e as direccións dos CFR.** Desde ANPE Galicia insistimos na nosa denuncia da falta de comunicación sobre a avaliación realizada.

Debe exixirse como requisito, dentro do artigo 2, a acreditación do coñecemento da lingua galega e tamén o feito de ter destino dependente da Consellería de Educación. **A Administración incorporará o requisito de acreditación do coñecemento da lingua galega pero non restrinxirá a participación á Comunidade de Galicia.**

En relación ao artigo 6, desde ANPE Galicia consideramos que debe darse unha redacción homoxénea a determinados artigos, como é o caso, que son comúns a todas as Ordes. Neste caso, a diferenza do que ocorre coa Orde de prazas de convenios, non se menciona explicitamente a opción da presentación en sede electrónica. É máis, neste caso en concreto, consideramos que debería considerarse a

súa preferencia tendo en conta que as reclamacións e/ou renuncias soamente se poden cursar telemáticamente e deste xeito simplificar os trámites tanto para os solicitantes como para Administración.

Deben publicarse os criterios de valoración dos proxectos de traballo.

ANPE demanda que os perfís e os requisitos das prazas deberían estar claros e a Administración debería velar para que os perfís se adapten ás necesidades das prazas e non a persoas en concreto.

ANPE demanda unha composición máis técnica da comisión de selección.

ANPE demanda a eliminación da entrevista en todos os casos. De non terse en conta esta petición esiximos que se reduza a súa puntuación no baremo xa que consideramos que ten un peso excesivo dentro do mesmo. En todo caso, non debería ser usado como primeiro criterio de desempate. Neste caso debería valorarse máis a antigüidade.

En relación ao baremo da orde de CFR, CAFI no apartado 1.4 demandamos que se pase a 0,5 puntos en lugar dos 0,25 propostos. En canto á formación relacionada coa praza pasar a 0,10 e en relatorios relacionados coas prazas pasar a 0,20 puntos.

Consideramos que debe aumentarse a puntuación outorgada á antigüidade ata alcanzar como mínimo os 6 puntos. No apartado 2.3 ANPE solicita que se suba a puntuación a 0,5 puntos. Tampouco entendemos o feito de que non se computen as fraccións inferiores a un ano como si se fai noutras convocatorias.

Por último ANPE Galicia demanda o establecemento dunhas listaxes de substitucións para cubrir baixas nos servizos para que estes non queden desatendidos.

A Administración non modificará ningún aspecto máis dos sinalados neste informe.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE MÉRITOS ESPECÍFICO ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E EN PRÁCTICAS DO CORPO DE MESTRES PARA CUBRIR, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, POSTOS DE ESCOLARIZACIÓN A ALUMNADO DE ATENCIÓN PREFERENTE.

Desde ANPE botamos en falta que esta Orde non teña máis publicidade e máis recorrido nos centros xa que hai perfís de alumnado que poderían ter máis solicitudes de centros de ter a debida publicidade.

Con carácter xeral demandamos a dotación de persoal de PT e de AL para todos os centros e a dotación de persoal dos EOE que están sobrecargados de traballo.

No artigo 3 trasladásenos que un máximo de 10 prazas pode ser pouco para aspirantes que estean habilitados en PT e ao mesmo tempo en AL polo que demandamos a retirada do número máximo de prazas a solicitar ou, en todo caso, a súa ampliación no caso de que no se atenda a nosa demanda inicial.

A Administración resposta que non vai a eliminar o número máximo de peticións nin modificar prazos de presentación de solicitudes e/ou renuncias.

En relación ao artigo 4, incidir no feito de buscar a homoxeneidade na redacción de certos aspectos comúns a todas as Ordes e, neste caso en concreto, debería facerse mención explícita á presentación por sede electrónica.

No artigo 8 desde ANPE consideramos que non debe deixarse tan pechado no texto da Orde o feito de que o período de cobertura non poida superar os 6 anos de duración xa que as necesidades poden seguir persistindo aínda que sabemos que as cuestións problemáticas puntuais que poden xurdir se están a solucionar desde as Xefaturas Territoriais. ANPE Galicia considera importante que este tipo de alumnado mantéña o mesmo profesorado xa que é complicado para eles adaptarse a un profesor novo. **A**

Administración non modificará a redacción deste artigo xa que considera que os casos nos que se precisa máis de 6 anos estanse a solucionar favorablemente.

En relación ao baremo vemos unha desproporción entre a valoración dunha titulación de 2º grao (0,50 puntos cando se tratan de titulacións de 120-180 créditos) e a dun Máster (1,50 puntos cando se trata de 60 créditos na maioría dos casos). **A Administración resposta que non vai a modificar ningún aspecto do baremo.**

En relación ao Anexo I das prazas ofertadas desde ANPE solicitamos unha aclaración por parte da Consellería sobre se as prazas solicitadas como PT ou AL sen ningún tipo de observación non teñen ningún tipo de requisito adicional. Tamén demandamos a incorporación de dúas prazas no CEIP As Fontiñas de Santiago de Compostela. As prazas en cuestión serían:

- 1 Mestre/a especialista en Audición e Linguaxe (AL) con perfil de formación especializada en Trastorno do Espectro de Autismo (TEA), Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe (TDL antes TEL) e Sistemas de Comunicación Aumentativas e Alternativas (SAAC).
- 1 Mestre/a especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) con perfil de formación especializada en Trastorno do Espectro de Autismo (TEA) e trastornos de conduta.

Demandamos tamén a incorporación dunha praza de AL no CEIP Juan Fernández Latorre de A Coruña para a atención dun alumno TEA que xa recibiu este curso atención preferente por unha docente nomeada en comisión de servizos o curso pasado (curso no que non houbo esta convocatoria de prazas de atención preferente), docente que non continuará o próximo curso no centro polo que se fai imprescindible a cobertura da mesma para garantir a continuación da atención individualizada do citado alumno. **A Administración resposta que aínda se están a valorar as prazas ofertadas, polo que pode haber variacións. Solicitan tamén o envío, por parte das OOSS, das alegacións por escrito as prazas ofertadas polo que desde ANPE remitiremos as peticións de prazas recollidas no presente informe.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DE CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA CUBRIR POSTOS DE PERSOAL DOCENTE EN PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO.

A Administración comeza aclarando que faltarían por ofertar as prazas do AMTEGA que se incorporarán e que non se ofertan prazas no centro Santo Anxo de Rábade xa que apenas conta con alumnado matriculado.

ANPE Galicia considera que non deben establecerse convenios con entidades privadas. No caso de dotación de persoal para convenios con outras Administracións Públicas ANPE demanda que o coste de dito persoal sexa asumido pola Administración correspondente e non recaia nos orzamentos da Consellería de Educación.

En relación ao artigo 2, ANPE Galicia non entende por qué en determinadas convocatorias se abre a participación ao profesorado interino aducindo á normativa europea e nesta convocatoria en concreto non se lle permita. Neste senso ANPE Galicia demanda que se dea prioridade, en todo caso, ao profesorado funcionario de carreira, na mesma liña que mantemos noutro tipo de convocatorias (como humanitarias e conciliais) e deben adxudicarse dentro de colectivo. No caso de darse unha praza a profesorado interino dita praza debe revisarse ano a ano, pero non deben deixarse prazas sen cubrir. **A Administración valorará a inclusión do profesorado interino aínda que non o ve moi viable. Si se incluirá ao profesorado de prácticas que superou os procesos selectivos no ano inmediatamente anterior.**

No artigo 3 desde ANPE Galicia demandamos que se indiquen explicitamente os requisitos de formato do proxecto de traballo ao igual que acontece noutras Ordes similares e unha indicación dos puntos que debe tratar e recoller.

En relación ás prazas da Armada ANPE Galicia considera que a xestión do profesorado debe recaer directamente na Consellería de Educación.

Demandamos a eliminación da entrevista. **A Administración non vai a eliminar a entrevista. No caso de que se realice de xeito efectivo farase a todos os aspirantes que superen o proxecto de traballo.**

No tocante ao proxecto ANPE Galicia demanda a redución da puntuación mínima esixida para a súa superación de 4 a 3 puntos. Tamén demandar que se teñan en conta as fraccións inferiores a un ano na valoración da antigüidade.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Comezar trasladando a queixa que nos transmiten desde varios tribunais en relación á videoreunión informativa que tivo lugar a semana pasada na que, segundo eles, non se aclararon dúbidas nin se puido entrar en cuestións e dúbidas específicas de cada especialidade. Unha reunión de máis de tres horas de duración con mala calidade de son e na que a Administración, sempre segundo a información trasladada polos tribunais, se limitou a ler a documentación que xa lles tiñan remitido.
- Neste mesmo sentido amosar o noso total rexeitamento ao proceder da Administración no tocante á organización dos procesos selectivos. A Consellería tivo todo un ano para facer as xestións administrativas de admitidos e excluídos, distribución de opositores, etc..... e sempre nos respostou cando trasladabamos as nosas inxerencias nas Mesas Sectoriais que este ano a Administración ía con tempo suficiente. Estamos a menos de 10 días do comezo das probas e aínda están rematando de constituírse tribunais, a Administración non fixo públicos nin os lugares de exame, nin a distribución dos opositores por tribunais e nin sequera puido imprimir unha listaxe de aspirantes que superaron a proba de galego por especialidades o que retrasou a distribución por tribunais que se atopan co traballo de ter que atopar que aspirantes superaron a proba de galego na súa especialidade, traballo que tiña que ter feito a Administración. Como queda de manifesto, tan sobrados de tempo non íamos cando todo parece indicar que se están a facer as cousas coa precipitación de todos os anos coa diferenza de que este ano si debera haber tempo suficiente para ter abordadas todas estas cuestións.
- Solicitamos que a Consellería de Educación habilite algún número de teléfono, canle de comunicación directa ou persoa responsable para poder atender as posibles incidencias producidas na fin de semana de comezo dos procesos selectivos.
- Desde ANPE Galicia incidir na demanda do mantemento para o vindeiro curso escolar 2021-2022 de todo o profesorado contratado adicionalmente o curso actual (que os nosos estudos cifran en preto de 2.600 docentes máis que o curso inmediatamente anterior) tal e como lle solicitamos mediante un escrito conxunto das OOSS asinantes do Acordo de Interinos á Consellería de Educación.
- Demandamos a negociación das posibles vacantes do CADP nas Xuntas de Persoal provinciais.
- En relación ao tema da vacinación do profesorado galego denunciaremos a desorganización que se está a producir neste momento coa aplicación da segunda dose xa que hai docentes que superan as 16 semanas establecidas pola farmacéutica e aínda están agardando pola segunda dose ou casos de

profesorado que está pendente de citar para a aplicación da dita segunda dose cando hai xente que recibiu a primeira dose con posterioridade a eles e xa foron citados.

- Desde ANPE Galicia consideramos que a Consellería debe facer un estudo detallado da ventilación dos centros educativos e a adopción das medidas necesario con tempo suficiente para evitar que se repitan as situacións de precariedade e falta de confort producidas no inverno do presente curso actual (alumnado e profesorado que ten que facer uso de mantas, abrigos, etc)
- Insistimos na petición de que se recolla na orde do CADP, próximo a abrir a súa convocatoria anual, a ponderación preferente do feito de ter co recoñecemento de deportistas de alto nivel na elección de destino máis próximo ao seu lugar de adestramento tal e como se recolle no artigo 28.2 do Decreto 165/2020. (Artigo 28. Beneficios no emprego público educativo:

2. Nos concursos de provisión, con carácter provisional, de postos de traballo convocados pola consellería competente en materia de educación, o recoñecemento regulado no presente decreto ponderarase preferentemente na elección do destino máis próximo ao seu lugar habitual de adestramentos.) **A Administración resposta que valorará este punto para a súa inclusión, non na convocatoria do CADP deste curso, senón do seguinte.**

- Desde ANPE Galicia solicitamos que a Consellería de Educación implante as materias do primeiro curso do Ciclo Superior de Marketing e Publicidade na súa modalidade a distancia no IES Pontepedriña de Santiago de Compostela. No curso actual 20/21 foron implantados os módulos de 2º no que se matriculou alumnado descoñecedor de que estaba a comezar por realizar os módulos do 2º curso e non do 1º e que agora se atopa na situación de que non poden continuar os mesmos no centro no que se matricularon ao non ser ofertados pola Administración.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:30 horas.

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE

GALICIA